



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E ULISES PROYECT EVENTOS SL PARA A CELEBRACIÓN DO FESTIVAL "O MARISQUIÑO XX" .

Vigo, a 26 de abril de 2021

REUNIDOS

Dunha parte, D. Alfonso Rueda Valenzuela, vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo, en representación da **Axencia de Turismo de Galicia**, en calidade de presidente, segundo se establece na Disposición adicional novena do Decreto 130/2020, do 17 de setembro (DOG núm. 190, do 18 de setembro), e de conformidade coa atribución do artigo 15.2.c) dos estatutos da Axencia Turismo de Galicia, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro (DOG núm. 193, do 9 de outubro).

E doutra parte, D. Carlos Domínguez Fernández con DNI 36126528Z, en calidade de administrador, en nome e representación da entidade **Ulises Project Eventos SLU** con NIF B27773324 e domicilio en Avda. Castrelos, 29-2-D, 36210, en Vigo, Pontevedra.

As partes, segundo interveñen recoñécense reciprocamente personalidade xurídica e capacidade legal necesaria para se obrigaren en dereito e,

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- A Axencia Turismo de Galicia , en virtude do disposto no artigo 9 do Decreto 196/2012, do 27 de setembro polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia, é o órgano da Xunta de Galicia ao que lle corresponde o exercicio, entre outras, das competencias en materia de fomento e competitividade do turismo.

No exercicio das súas funcións, a este órgano correspóndelle executar as medidas definidas para a promoción e fomento do sector turístico de Galicia, levar a cabo plans e programas de acción e colaborar no desenvolvemento de actuacións que lle permitan acadar os seus obxectivos.

SEGUNDO.- Dende o ano 2004, a sociedade "Ulisesproyect Eventos Especiales SLU" ven realizando a organización e desenvolvemento dun programa de actividades dedicadas principalmente á cultura e aos deportes urbanos, contando con gran afluencia de público e difusión en medios de comunicación, tanto nacionais como internacionais.

O Marisquiño leva 19 edicións consecutivas dende 2001, primeiro no que se celebrou. Dende entón pasaron por 3 localizacións distintas (Castro, Samil e o Porto) nunha soa cidade, Vigo. A edición 2019 contou con máis de 1.300 riders de máis de 30 países dos 5 continentes, e disputáronse 75 medallas en 9 disciplinas, destacando a presenza de Riders de prestixio



internacional como Nicholi Rogatkin, Nuno Pintas, Sam Pilgrim, Bienvenido Aguado, Paul Courdec, Lucas Huppert.

Para facelo posible, nun ano ordinario, 300 traballadores constrúen e xestionan un espazo de 150.000 m2 con 10 zonas deportivas e 10 de restauración e ocio. O festival atrae a 160.000 persoas ao longo de 3 días e conta 21 actuacións musicais, máis de 100 horas de programación deportiva e 6 actividades para nenos. Todo isto cóbrenos máis de 200 periodistas acreditados e xenera un retorno económico moi importante na cidade de Vigo e comarca.

TERCEIRO.- O Marisquiño ten unha enorme repercusión nacional e internacional, con conexións, reportaxes e entrevistas en todas as televisións de alcance nacional e tamén en radios e medios escritos de gran audiencia.

A canle de Deportes líder en América Latina, ESPN, que conta tamén con gran presenza en América do Norte, enviou en pasadas edicións un equipo ao festival para informar sobre o mesmo. A isto hai que sumar os acordos coa liga Sports e As Diario para a difusión do evento a través das súas plataformas de comunicación.

O seguimento do evento a través do streaming na internet permite chegar, en directo, a centenas de miles de persoas en todo o Mundo. En canto á repercusión en redes sociais, xeráronse máis de oito millóns de impactos dixitais sobre o festival e a cidade de Vigo tanto nas redes propias do festival como nas dos deportistas que compartiron contido a través das súas propias redes.

CUARTO.- Os eventos de todo tipo, sexan culturais, artísticos ou deportivos, constitúen unha grande oportunidade para o desenvolvemento turístico de cidades, rexións ou países na medida que incentivan o desenvolvemento socioeconómico local.

Ademais, existe unha importante conexión entre turismo e deporte. Ambos sistemas, deportivo e turístico, son actividades destacadas nas prácticas de ocio da poboación contemporánea. Actividades que, separadamente e dada a súa importancia cuantitativa e cualitativa, posúen un peso específico evidente nas nosas economías, pero que ligadas, supoñen un influxo económico aínda maior e que, por tanto, necesitan da aplicación de esforzos que reforcen a coordinación de actuacións para incrementar as políticas de actuación conxuntas, mellorando así os lazos de unión entre ambas disciplinas.

Polo tanto, a celebración de eventos deportivos de toda índole constitúe unha importante estratexia para promocionar ou reposicionar os destinos turísticos, o que reflicte a estreita relación entre o deporte e o turismo.

Así mesmo, os deportes de acción en concreto, son cada día máis atractivos, e por elo, O Marisquiño conta cunha asistencia de público e participantes que ronda uns 160.000 visitantes.

QUINTO.- Ulises Project Eventos SLU é a única entidade que organiza o festival "O Marisquiño", xa que ostenta os dereitos de uso, execución e comunicación da marca "O Marisquiño" como marca rexistrada na Oficina española de patentes e marcas, sendo o dito festival un referente no eido da cultura urbana e deportes de acción.



Dada a converxencia de ámbitos de actuación e o mutuo interese en xuntar esforzos na consecución duns fins que son comúns, as partes asinantes, en virtude da representación coa que interveñen, acordan a subscripción do presente convenio, de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto do convenio

Constitúe o obxecto deste convenio o establecemento das condicións para a colaboración técnica e económica entre a Axencia Turismo de Galicia e a entidade Ulises Proyect Eventos SLU para a celebración do festival "O Marisquiño XX" que terá lugar en agosto de 2021 en Vigo, coa seguinte programación:

BMX FREE STYLE -disciplina olímpica Tokio 2020-

En O MARISQUIÑO consolídase como unha das probas máis importantes do mundo, reunindo cada ano aos mellores pilotos dos cinco continentes.

MOUNTAIN BIKE - DESCENSO URBANO

Unha modalidade única na que os participantes lánzanse desde o Castelo de San Sebastián, percorrendo o Casco Vello ata cruzar a liña de meta no Porto de Vigo.

De celebrarse esta disciplina, quedará incluída no obxecto do convenio.

SKATE -disciplina olímpica Tokio 2020-

Dentro do calendario da Worl Skate Cup, a máis veterana das probas de O Marisquiño, que reúne todos os anos en Vigo aos mellores riders do planeta. Este ano, co aliciente de que a disciplina formou parte do calendario olímpico de Tokio.

BREAK DANCE

Breaking STREET BATTLE en O MARISQUIÑO, converteuse nun dos eventos máis importantes de Europa, grazas a ter os xuíces máis prestixiosos e internacionais da escena. Organizado desde os inicios do Festival por Bboy Kawa, referente na escena nacional, & Lisy directora da escola de danza e artes escénicas, KL Making Dancers.

STREET BASKET 3x3 -disciplina olímpica Tokio 2020-

A terceira das disciplinas olímpicas con que conta O Marisquiño, forma parte do calendario de competicións da Federación Internacional de Baloncesto (FIBA) na modalidade masculina. Trátase dunha modalidade de orixe urbana, con menor número de integrantes por equipo, con partidos moito máis dinámicos -nunha soa canasta- e curtos.



Segunda.- Orzamento e financiamento

O orzamento estimado para a realización das actuacións previstas neste convenio ascende a 206.200,00 (IVE incluído), de acordo co seguinte detalle:

CONCEPTO	DESCRIPCIÓN	IMPORTE
Soldos equipo directivo e primeiro nivel	6 Departamentos	100.000,00 €
Nóminas de todo o persoal + SS	Montadores, carpinteiros, xefes de pista, hands...	50.000,00 €
Comunicación dixital	Convencional + Dixital	20.000,00 €
Seguridade + Ambulancias	Todo o evento	30.000,00 €
Seguros	RC + Accidentes	6.200,00 €
TOTAL		206.200,00 €

Deste orzamento, a Axencia Turismo de Galicia financiará as actividades cun importe máximo de 200.000,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 05.A2.761A.640.0, dos orzamentos da Comunidade Autónoma para Galicia para o ano 2021.

A Axencia Turismo de Galicia procederá ao pagamento do importe a favor da entidade, unha vez esta presente a documentación xustificativa establecida no presente convenio.

En todo caso, a achega da Axencia Turismo de Galicia para posibilitar a realización das actuacións só cubrirá o custo de realización da actividade sen que Ulises Project Eventos SLU obteña beneficio ou lucro industrial algún coas mesmas.

Terceira. Compromisos das partes

1. Compromisos de Ulises Project Eventos SLU:

- Desenvolver as actuacións recollidas na cláusula primeira deste convenio, e que constitúen o seu obxecto.
- Facer constar a cooperación da Axencia Turismo de Galicia en toda a información que se difunda sobre as actuacións, tanto nos medios de comunicación como no material informativo que se puidera distribuír.
- Incluír a “Marca Turística de Galicia” nas actuacións obxecto do presente convenio de colaboración. Nos folletos e outras publicacións deberán incluír na contraportada a marca turística, seguindo as indicacións do manual de uso. Para a aplicación correcta da marca,

deberán descargar da páxina www.turgalicia.es/marca01s os arquivos informáticos cos elementos gráficos en calidade e formatos axeitados así como as condicións de uso. Así mesmo, deberá incluírse a marca Xacobeo 2021, de acordo co manual de identidade visual, aprobado polo Decreto 167/2018, do 29 de novembro, polo que se regula a utilización da marca Xacobeo 2021 (DOG núm. 1, do 2 de xaneiro de 2019).

- Subministrar á Axencia Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento pola Axencia Turismo de Galicia, das obrigas previstas no Título I da citada lei."

2. A Axencia Turismo de Galicia comprométense a colaborar no financiamento do custe das actuacións previstas a través da realización do investimento previsto na cláusula segunda.

Cuarta.- Inexistencia relación laboral

A subscrición deste convenio non implica relación laboral de ningún tipo entre a Axencia Turismo de Galicia e as persoas que realizasen as actuacións obxecto do mesmo, de xeito que non se lles poderá esixir responsabilidade algunha directa nin subsidiaria por actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento deste.

Non se derivarán obrigas propias dunha relación laboral ou contractual de conformidade coa normativa vixente.


Quinta.- Resultados conxuntos

O diverso material promocional, elaborado en desenvolvemento das actuacións previstas neste convenio de colaboración, será de uso e titularidade común por ambas partes asinantes.

Así mesmo, calquera dereito de propiedade industrial e intelectual sobre o material que resulte das actuacións do presente convenio será de titularidade conxunta das partes asinantes, de xeito que ningunha poida facer uso dos citados dereitos coa oposición de calquera dos asinantes.

Calquera modificación dos resultados deberá ser autorizada polas partes asinantes, non obstante a Axencia Turismo de Galicia, no cumprimento dos seus fins institucionais, poderá utilizar libre e gratuitamente os traballos de campo, datos de todo tipo, resultados, análises, informes e conclusións que se deriven das actuacións obxecto do convenio. En todo caso, nas accións de difusión de datos e informes obtidos pola execución destas accións farase sempre referencia ao presente convenio.

Sen prexuízo do disposto nos parágrafos antecedentes da presente cláusula, O Marisquiño é unha marca rexistrada na Oficina Española de Patentes y Marcas, baixo os números M2797620 e M3627865, que é titularidade de Ulises Projects Eventos Especiales S.L.U.. En virtude da protección que a lexislación sobre propiedade industrial e intelectual outorga sobre as referidas marcas e sobre os logos e outras creacións derivadas das mesmas, calquera uso da referida marca deberá ser previamente aprobado por Ulises Projects Eventos Especiales S.L.U.


5



Sexta.- Xustificación e pago

1.- A achega prevista na cláusula segunda será librada pola Axencia Turismo de Galicia previa presentación da xustificación da execución das actuacións desenvolvidas, a través da seguinte documentación:

- Memoria explicativa da actividade realizada e acreditación do cumprimento do obxecto do convenio e da publicidade da colaboración da Axencia Turismo de Galicia.

- Memoria económica xustificativa do custe das actividades realizadas, que conterá:

- a) Relación clasificada dos gastos e investimentos da actividade, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e data de pagamento.

- b) Facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico-mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación á que se fai referencia no apartado anterior e a documentación acreditativa do pago

- Nos supostos de gastos realizados con medios ou recursos propios, documentos acreditativos dos gastos realizados e a indicación, no seu caso, dos criterios de reparto dos costes xerais e/ou indirectos incorporados na relación á que se fai referencia na letra a).

- Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e da seguridade social e de non ter pendente débedas por ningún concepto coa Xunta de Galicia.

- Indicación do número de conta para realizar o pagamento xunto coa declaración responsable sobre a súa titularidade.

A Axencia Turismo de Galicia resérvase o dereito a solicitar toda a documentación que considere precisa en relación coa xustificación do convenio.

2º.- O prazo para a presentación da citada documentación xustificativa remata o **31 de outubro de 2021**.

En todo caso, unha vez rematadas as actuacións, e previa presentación da documentación xustificativa prevista no punto 1 desta cláusula, realizarase o pagamento do importe correspondente, previa comprobación e conformidade das actuacións desenvolvidas.

3º.- Se o investimento xustificado fose menor ao previsto no orzamento estimado contido na cláusula segunda deste convenio, e sempre que se cumpra coa finalidade do mesmo, procederá o pagamento da contía que sexa obxecto de xustificación.

Non se entenderá incumprida a obriga de xustificación das actuacións obxecto deste convenio no caso de variacións das contías previstas nas distintas partidas establecidas no orzamento estimado na cláusula segunda, cando obedezan a razóns xustificadas e as actuacións que se levaran a cabo garden relación directa co obxecto do presente convenio.

4º.- A documentación correspondente á xustificación presentárase de forma electrónica a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<http://sede.xunta.gal>).

Sétima.- Pagamento

O pagamento por parte da Axencia Turismo de Galicia efectuarase do seguinte xeito:

- Unha contía máxima do 25% (50.000,00 €), co obxecto de financiar a fase inicial das actuacións conveniadas realizadas tras a sinatura do convenio. Para isto, a entidade deberá enviar a documentación xustificativa relacionada na cláusula sexta.





- A contía restante ata o máximo establecido no convenio unha vez rematadas as actividades, e levarase a cabo unha vez xustificado o convenio por parte da entidade, que debe facerse coa entrega, antes do remate do prazo de xustificación, da documentación estipulada na cláusula sexta.

Oitava.- Comisión de Seguimento

Para o seguimento do convenio e da súa execución créase unha Comisión de Seguimento, que estará integrada por dous representante designados por cada unha das partes asinantes. A comisión será a competente para decidir calquera cuestión sobre a interpretación ou execución do presente convenio.

A súa actuación axustarase ao establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

As cuestións litixiosas que poidan xurdir coa interpretación, resolución e efectos do presente convenio serán resoltas pola comisión de seguimento, e en última instancia dirimiranse na xurisdición contencioso-administrativa.

Novena.- Modificación e resolución do convenio

1. As modificacións do convenio adoptaranse por acordo expreso e escrito das partes asinantes, e de acordo cos trámites que esixa a normativa vixente.

Así mesmo, e de conformidade co disposto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

2. Serán causas de resolución deste convenio:

- O incumprimento do seu obxecto.
- O incumprimento total ou parcial de calquera das cláusulas que nel se establecen.
- O acordo unánime de todos os asinantes.
- A decisión xudicial declarativa da nulidade do convenio.

Décima.- Natureza xurídica, réxime xurídico e xurisdición competente.

O presente convenio de colaboración formalízase ao abeiro do disposto na resolución de 8 de abril de 1991 pola que se fai público a acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e con particulares.

Este convenio ten natureza administrativa e queda fóra do ámbito de aplicación da lexislación de contratos das Administracións públicas, segundo dispón o artigo 6.2 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, sen prexuízo da aplicación dos principios da citada Lei para resolver as dúbidas e lagoas que puideran presentarse.

Seralle de aplicación o réxime determinado na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do





Réxime Xurídico do Sector Público, e polas demais normas en dereito administrativo aplicables ou, no seu defecto, polas derivadas do dereito privado.

Décimo primeira.- Publicidade e rexistro do convenio e autorización e consentimento para que se publiquen os datos persoais e demais especificacións que figuran no convenio.

O réxime de publicidade do convenio será o establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, a Axencia Turismo de Galicia. A sinatura do convenio leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos e a referida publicidade, incluída tamén a publicidade no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

Segundo o artigo 15 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, ademais da información que debe facerse pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, a Axencia Turismo de Galicia publicará o texto íntegro do convenio.

Asemade procederase a inscrición do convenio no Rexistro de Convenios, de conformidade co establecido no artigo 5 do Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

Coa sinatura do presente convenio as partes asinantes prestan o seu consentimento para incluír e facer públicos a través do Portal de Transparencia e Goberno Aberto e do rexistro regulado no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, os datos de carácter persoal e mailo resto de especificacións contidas no convenio.

Décimo segunda.- Protección de datos de carácter persoal

As partes asinantes responsabilizaranse de que calquera tratamento de datos persoais que puideran levarse a cabo en virtude do mesmo se realice con absoluto respecto ás normas de seguridade e de conformidade co establecido no Regulamento 2016/179 (UE) Xeral de Protección de datos (en adiante, RXPd), na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (en adiante, LOPDGD) e demais normativa concordante.

Os datos persoais das persoas físicas asinantes do Convenio serán tratados polos asinantes unicamente para a adecuada formalización e desenvolvemento do mesmo e en base ao disposto no artigo 6.1 b) do RXPd.

Décimo terceira.- Notificación electrónica

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notific@, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF





que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

Décimo cuarta.- Vixencia

O presente convenio entrará en vigor na data da súa sinatura, e terá vixencia ata o 31 de decembro de 2021.

E, en proba de conformidade, as partes asinan este convenio.



Por a Axencia Turismo de Galicia

Alfonso Rueda Valenzuela

Por Ulises Project Eventos SLU

Carlos Domínguez Fernández